

ENCARGO Á FUNDACIÓN DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA TAREFAS DE APOIO PARA A XESTIÓN ECONÓMICA DO PROXECTO ALIMENTACIÓN E FUNCIONAMENTO COGNITIVO: ¿TOMAMOS PEORES DECISIÓNS POR TER DEMASIADA COMIDA, DEMASIADO FÁCIL DE CONSEGUIR?

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. O investigador José Luis Pardo Vázquez da UDC é o Director do proxecto “ALIMENTACIÓN E FUNCIONAMENTO COGNITIVO: tomamos peores decisións por ter demasiada comida, demasiado fácil de conseguir?” (Ref. BERCE para Ramón y Cajal, RYC2019-026380-I) da UDC que ten como obxectivo caracterizar os efectos das condicións de alimentación sobre a toma de decisións, tanto a nivel condutual como na actividade cerebral.

SEGUNDO. A FUAC ven encargándose da xestión técnica, económica e administrativa de programas de xestión baixo encargo da UDC, contando cunha axeitada estrutura organizativa, capacidade de escalado do seu servizo e o coñecemento especializado requirido.

TERCEIRO. A FUAC dende a súa creación, en 1997, ven desenvolvendo iniciativas e acumulando experiencia con entidades públicas e privadas, a nivel autonómico, estatal e europeo, tendo a capacidade e os recursos axeitados para impulsar a transferencia de coñecemento da UDC, e apoiar a xestión dos grupos e servizos da UDC.

CUARTO. Segundo o artigo décimo terceiro dos Estatutos da Fundación da Universidade da Coruña (en adiante FUAC), establécese que a FUAC é un medio propio instrumental e servizo técnico da Universidade da Coruña (en adiante UDC), considerándose á relación da FUAC coa UDC, para todos os efectos, de carácter interno, dependente e subordinado, e articulándose a través de encargos, de conformidade co previsto na Lei de contratos do sector público (LCSP).

QUINTO. O Reitor da UDC, propón a xestión técnico, administrativa e económica do citado contrato conforme ao seguinte.

ENCARGO DE XESTIÓN

PRIMEIRO. O presente encargo baséase no artigo 32 da LCSP tendo, polo tanto, un carácter obrigatorio para a FUAC quen deberá aceptala e executala conforme ás instrucións técnicas e académicas dadas pola UDC, para a interpretación dos traballos encomendados e o seguimento destes.

SEGUNDO. As actuacións a realizar pola FUAC obxecto do presente encargo, así como os requisitos para as mesmas son a de dar apoio técnico, administrativo e económico para a realización das actuacións do convenio.

TERCEIRO. O presente encargo é competencia da Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia da UDC que designa a D. José L. Pardo Vázquez, do Grupo de investigación NEUROcom da UDC como Dirección Técnica e encargado da xustificación técnico-económica da actuación.

CUARTO. O orzamento para a execución do presente encargo ascende a CORENTA MIL EUROS (40.000,00 €) IVE non incluído. Consonte a Lei 28/2014, que modifica a Lei 37/1992 do Imposto

Código Seguro De Verificación	gYmcbG6c0M5ZTlS1WE0wsg==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	21/04/2022 14:48:14	
Observacións		Páxina	1/3	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/gYmcbG6c0M5ZTlS1WE0wsg==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			

sobre o Valor Engadido (IVE) as contías derivada dos encargos realizados de conformidade co disposto na LCSP non están suxeitas ao imposto sobre o valor engadido (IVE).

QUINTO. Para o abonamento da cantidade estipulada a FUAC presentará unha certificación económica conforme ao seguinte:

- Gastos Directos. Representarán o 85% da contía e estarán formados por facturas, gastos de persoal, gastos de viaxe ou calque outro custe requirido para a correcta execución do contrato que se teña producido no exercizo económico no que se asina o presente encargo ou nos seguintes exercicios según establece a cláusula undécima do presente encargo.
- Gastos Xerais. Representarán o 15% do total do importe desglosado como se indica de seguido:
 - 7,5% para tarefas de coordinación técnica do proxecto.
 - 2,5% para as tarefas de secretaría técnica.
 - 5% para a xestión económica.

Os gastos xerais indicados ata o 15% non requirirán xustificación.

A xustificación económica farase a través dunha certificación conxunta entre a Dirección da iniciativa (respeito á veracidade dos recursos imputados e o bo fin dos traballos encargados) e a xerencia da FUAC (respeito aos custes xerados polos recursos imputados). Para a xustificación ante a UDC, dita certificación será emitida pola FUAC cando lle sexa requirido pola persoa que exerza a Dirección segundo a cláusula terceira do presente encargo. Asinada a certificación será remitida pola Dirección á unidade designada segundo a cláusula terceira do presente encargo.

A FUAC conservará todos os documentos xustificativos do gasto directo, quedando debidamente custodiados e á disposición da UDC en canto en tanto poidan ser obxecto de actuacións de comprobación e control.

SEXTO. Trala sinatura do encargo, a Dirección Técnica e a FUAC poderá solicitar un anticipo ata o 80% do importe do proxecto. O 20% restante será aboado trala certificación final.

SÉTIMO. A UDC poderá realizar as labores de inspección, comprobación ou seguimento que considerar oportuno sobre á realización dos traballos do encargo.

OITAVO. Nas súas actuacións xerais, organizativas e de apoio para o desenvolvemento das actuacións encomendadas, a FUAC empregará o galego, podendo utilizar para conformidade lingüística o Servizo de Normalización Lingüística da UDC.

NOVENO. A realización do encargo non suporá a existencia dunha relación funcional ou laboral do persoal da FUAC dedicado ao proxecto coa UDC.

DÉCIMO. É obriga da FUAC a información e publicación do presente encargo na súa páxina web.

UNDÉCIMO. O prazo de execución poderá estenderse, como máximo, ata os catro anos dende o 9 de setembro do ano 2021 ata o 08 de setembro do ano 2025. O periodo de xustificación e presentación da certificación conxunta indicada na cláusula quinta rematará o 31 de decembro do 2025.

Código Seguro De Verificación	gYmcbG6c0M5ZTlS1WE0wsg==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	21/04/2022 14:48:14	
Observacións		Páxina	2/3	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/gYmcbG6c0M5ZTlS1WE0wsg==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			

DÉCIMOPRIMEIRO. Corresponde á UDC a través da Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia da UDC á interpretación do presente encargo así como resolver as posibles discrepancias que puidesen xurdir na súa execución.

Por todo o indicado,

ACÓRDASE

PRIMEIRO. Encargar á FUAC as actuacións referidas no apartado SEGUNDO do presente encargo relacionados co proxecto “Alimentación e funcionamento cognitivo: ¿tomamos peores decisións por ter demasiada comida, demasiado fácil de conseguir?” (Ref. RYC2019-026380-I) .

SEGUNDO. O orzamento para ditas actuacións ascende á cantidade CORENTA MIL EUROS (40.000,00 €) IVE non incluído. Este importe financiarase con cargo a partida orzamentaria que se detalla a continuación: 6530653020 541A 64900.

O presente encargo é asinado electrónicamente.

O Reitor da Universidade da Coruña

Julio Ernesto Abalde Alonso

Código Seguro De Verificación	gYmcbG6c0M5ZTLS1WE0wsg==			Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso			Asinado	21/04/2022 14:48:14
Observacións				Páxina	3/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/gYmcbG6c0M5ZTLS1WE0wsg==				
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).				

